


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT

Curso 2016/2017

R2 DO-0203 P1



Neste informe presentamos os datos acadados en relación coas accións levadas a cabo no PAT do grao en Xeografía e Historia durante o curso 2016-2017.

Unha vez comezado o curso académico na Secretaría do decanato realízase a asignación de tutores/as a cada estudante matriculado no grao, seguindo o cronograma de actuacións que figura no Plan de Acción Titorial da facultade de Historia (validado en Comisión de Calidade e aprobado en Xunta de Facultade o 25/02/2016 e actualizado o 13/02/2016 pola Comisión de Calidade). Os resultados deste curso son os seguintes:

1. Índices de participación

Neste curso 2016/2017 optouse por simplificar os rexistros asociados a este procedemento, reducíndoos a 3, logo de suprimir o antigo Anexo IV-B. Tamén se ratificou pasar o Anexo II só ao estudantado de 1ª matrícula que o cumprimetou coincidindo coas sesións de acollida organizadas polo centro. Dun total de 37 matriculados realizaron esta enquisa 23.

No seguinte proceso que se leva a cabo ao longo do curso, participou un total de 14 docentes, dos/as cales 8 (1 menos que no pasado curso)¹ o fixeron activamente, con resultados semellantes ao pasado curso. Pola súa banda o número de estudantes dos catro cursos do grao mantívose en 133, polo que a proporción resultou lixeiramente superior con 9-10 por titor/a. Trala asignación e a implementación dos procedementos previstos (reunións individuais ou/e grupais) asistiron un total de 26 estudantes, equivalentes a case unha quinta parte do total (19,5%).

Resultados:

- A maiores dos/das estudantes matriculados/as no 1.º curso do grao, dous cumprimentaron o Anexo II nunha reunión co seu titor.

¹ Destes 9, 3 convocaron a todos os/as seus titorandos/as, pero estes/as non acudiron ás reunións programadas.

- Número de estudantes asistentes as reunións de seguimento programadas polos docentes/titores/as (Anexo III): 24. A Comisión de Calidade quere destacar o número se mantivo respecto ao curso pasado, é evidente que aínda non se alcanzan os resultados desexados.

- Número de estudantes asistentes as reunións que cumprimentaron o Anexo IV-a: 21² (un máis que no curso pasado). As cifras manteñen unha participación do alumnado crecente, cun total de 30 reunións, a diferenza respecto ao curso pasado radica na simplificación dos rexistros e do feito de facer coincidir a entrevista coa cumprimentación do Anexo IV-b . A participación do profesorado acada uns niveis satisfactorios, coincidentes co curso pasado, polo que seguimos mantendo como obxectivo para o vindeiro curso o aumento de participación, especialmente na realización da enquisa de satisfacción (Anexo IV-b).

-Valores acadados no Anexo IV-a (cuestionario final de satisfacción do alumnado)

Número de casos: 21

	Moi boa	Boa	Mala	Moi mala
Ítem 1.	7	14		
Ítem 2.	6	15		

	Moito	Bastante	Pouco	Nada
Ítem 3.	11	9	1	
Ítem 4.	14	6	1	

	Si	Non
Ítem 5.	20	1
Ítem 6.	21	
Ítem 7.	21	

	Moi ben	Ben	Mal	Moi mal
Ítem 8.a.	16	5		
Ítem 8.b	15	6		

² As reunión finais asistiron 22 estudantes, se ben so cumprimentaron o Anexo IV-a 20.

Dúas terceiras partes consideran boa a información previa ofrecida do PAT e a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas (ítems 1 e 2), o terzo restante cualifica de moi boa ámbolos dous aspectos. Algo máis de metade pensa que o PAT respondeu “Moito” as súas expectativas (ítem 3) e un terzo que esta acción resulta de moita utilidade (ítem 4). A práctica totalidade opina que os asuntos abordados resultan aplicables a distintos aspectos do seu desenvolvemento persoal, académico e profesional, que as datas establecidas para as reunións programadas foron axeitadas, así como o foi o sistema de seguimento (ítems 5, 6 e 7).

Tamén cualifican por riba do 70% cun “Moi ben” a atención persoal do estudantado e o feito de que as súas dúbidas foron aclaradas (ítems 8a e 8b).